




## **Situación económica de Galicia: actividade e mercado de traballo**


24 de marzo de 2009

A recesión mundial incidiu sobre o perfil temporal do crecemento económico de Galicia, que presenta unha clara desaceleración a partir do 1º. T de 2008. Non obstante, o pasado exercicio péchase cunha taxa de crecemento do 1.8% fronte a unha media estatal do 1.2%. Galicia leva, ademais, nove trimestres crecendo máis que España, o que supón unha ruptura cunha crónica tendencia da nosa historia económica recente. Ese diferencial favorable de 0.6 puntos é, ademais, o máis elevado desde que, no 1º T de 1995, se inicia a *Contabilidade Trimestral de Galicia* -3os Ts dos Xacobeos incluídos-.

**Crecemento real do PIB (%)**



**Crecemento interanual do PIB (%)**



	4º trimestre de 2008		Variación en 2008
	Variación intertrimestral	Variación interanual	
<b>Galicia</b>	-0,2	0,4	1,8
<b>España</b>	-1,0	-0,7	1,2
<b>Eurozona</b>	-1,5	-1,2	0,7
<b>Alemania</b>	-2,1	-1,6	1,0
<b>Francia</b>	-1,2	-1,0	0,7
<b>Italia</b>	-1,8	-2,6	-0,9
<b>Portugal</b>	-2,0	-2,1	-0,1
<b>Reino Unido</b>	-1,5	-1,9	0,7
<b>Estados Unidos</b>	-1,0	-0,2	1,3

Fonte: FMI


O crecemento do PIB galego en 2008 supera claramente os resultados dos principais países do noso entorno que, no 4º T, rexistran todos eles un descenso interanual da actividade mentres que, en Galicia, prodúcese un aumento do 0.4%.

Por outro lado, a caída intertrimestral do 0.2% do PIB galego é sensiblemente máis baixa que as correspondentes a España (-1.0%) e á Eurozona (-1.5%).

## Ránking do crecemento das CC.AA no 2008

De acordo cos datos da *Contabilidade Rexional de España* do INE, publicados no día de hoxe, Galicia é unha das CC.AA. con mellor comportamento en 2008, ocupando o 3º posto no ránking do crecemento rexional en 2008, xunto con Baleares e Extremadura e só por detrás do País Vasco (2,1%) e Navarra (1,9%). O pasado exercicio, como é sabido, foi o que marcou o cambio de fase no ciclo económico e, por tanto, a taxa de crecemento do PIB real galego sufriu unha notable inflexión á baixa con respecto a 2007 (4.0%). Agora ben, nese contexto contractivo global, a economía galega segue mantendo un crecente diferencial positivo respecto á media española e a maior parte das CC.AA.


### Crecedemento real do PIB en 2008




## Ránking do crecemento das CC.AA: 2001-2004 e 2005-2008

Os rexistros de 2008 non son, afortunadamente, novidosos. Ao longo do período 2005-2008, Galicia non só creceu máis que España, se non que ademais ocupa a 1ª posición no ránking das comunidades autónomas. O que si é noticia é que, nos últimos catro anos, a economía galega foi capaz de inverter a situación de fases precedentes na que, de forma sistemática, ocupaba postos no furgón de cola do crecemento español. Basta comparar os dous gráficos da parte inferior –tendo en conta adicionalmente que 2004 foi Xacobeo–, para ilustrar claramente o favorable cambio experimentado na última lexislatura,

**Creecemento real. Período 2005-2008**  
Promedio anual



**Creecemento real. Período 2001-2004**  
Promedio anual






## Crecemento acumulado 2005-2008

- Ao longo do período 2005-2008, a renda real por habitante de Galicia incrementouse un 9.3%, o que multiplica por 2.5 ao aumento español (3.7%).
- Ese superior avance do PIB real per cápita deu lugar a un importante impulso da converxencia de Galicia coa media estatal, ao pasar dun 80.4% en 2004 a un 85.8% en 2008. O anterior implica que a nosa renda por habitante aumentou 4.776 euros fronte a un incremento de 4.320 da media estatal.

### Crecemento da economía no período 2005-2008


PIB real per cápita



Pese a ralentización do crecemento, en 2008 acadouse o máximo histórico de persoas empregadas en Galicia, tanto en termos de afiliación á Seguridade Social coma de ocupados estimados pola EPA. Respecto a 2004, o incremento da ocupación foi de 103.000 no número de afiliados e de 116.000 persoas ocupadas de acordo coa EPA.


**EPA. Ocupados en Galicia**

Promedio anual. Miles de persoas




**Afiliados á Seguridade Social en Galicia**

Promedio anual. Miles de persoas




A poboación ocupada estimada pola EPA do 4º T de 2008 elevouse a 1.195.100 persoas, practicamente similar que a do mesmo trimestre do ano anterior, mentres que a nivel estatal rexistrouse unha caída do 3.0%: resultado que, en compañía de Baleares, é o segundo mellor de todas as CC.AA. De acordo coa EPA, no 4º T de 2008 o nivel de ocupación de Galicia superaba en 89.400 persoas ao existente no mesmo trimestre de 2004. Canarias, Andalucía e Cataluña son as tres comunidades nas que a contracción do nivel de ocupación é máis acentuada.

**EPA. Ocupados 4º trim 2008.**  
 Variación anual (%)



Desde o 2º T de 2007, a taxa de paro galega situouse por debaixo da española, invertendo a situación dos anos precedentes, de tal forma que, para o conxunto de 2008, cifrouse nun 8.7%, 2.6 puntos por debaixo da media estatal, cando en 2004 o diferencial era, xustamente, o contrario. Máis concretamente, no 4º T de 2008, Galicia tivo unha taxa de desemprego do 9.7% fronte ao 13.9% de España, é dicir, co último dato dispoñible o diferencial elévase a 4.2 puntos.


Taxa de paro (%)




## EPA: Taxa de desemprego

Pese ao Xacobeo'04, no 4º T dese ano a taxa de paro de Galicia era a terceira máis elevada das 17 autonomías, só superada por Andalucía e Extremadura. O panorama é radicalmente distinto no 4º T de 2008: Galicia forma parte do grupo de seis comunidades con menor taxa de paro, na que se inclúen ademais Navarra, País Vasco, Cantabria, Aragón e La Rioja, todas elas caracterizadas por ser as que, tradicionalmente, tiveron un desemprego menor no conxunto do Estado. Un dato é suficientemente revelador: no 4º T de 2004, a taxa galega triplicaba á da Rioja; no mesmo trimestre de 2008 é inferior.

Taxa de paro. 4º trim 2004



Taxa de paro. 4º trim 2008




## Emprego: afiliación á Seguridade Social

En 2008, os afiliados á Seg. Social creceron un 0,4% en Galicia, fronte a un descenso de medio punto porcentual en España. Desde setembro de 2008 – tres meses máis tarde que no Estado – as variacións interanuais son negativas; pese a elo, en febreiro de 2009 o nivel de afiliación elevouse a 1.033.500 persoas, o que supón un incremento de 54.500 afiliados sobre o nivel do mesmo mes de 2005, cando a conxuntura económica era radicalmente diferente.

### Afiliados á Seguridade Social


Variación interanual (%)



## Emprego: Afiliación á Seguridade Social


Galicia é, con Asturias, a segunda comunidade na que a caída de afiliados á Seguridade Social é inferior ao longo do ano que separa os meses de febreiro de 2008 e 2009. O descenso do 4.0% del é, sen dúbida, un dato negativo, pero non é menos certo que dáse nun contexto xeral de destrución de emprego, que é particularmente virulento na Comunidade Valenciana, Rexión de Murcia e Canarias.

Afiliados á Seguridade Social. Media do mes  
Febreiro de 2009. Variación anual (%)



2008 pechouse cun incremento do paro rexistrado dun 7.9%, un tercio do aumento estatal (24.6%), o que equivale a dicir que a contribución galega á elevación das persoas inscritas nos rexistros de paro limitouse a un 2.4%. Ese mellor comportamento relativo implica que a cota galega na cifra española do paro rexistrado descendera dun 8.6% a un 5.9% entre os meses de febreiro de 2005 e 2009.

**Paro rexistrado**  
 Variación interanual (%)



No último ano, comprendido entre os meses de febreiro de 2008 e 2009, o incremento do paro rexistrado en Galicia (27.6%) foi moi intenso pero equivale á metade do producido en España (51.8%), sendo a comunidade na que é menor. Aragón – como consecuencia da intensa creación de emprego promovida pola Expo de 2008 – e as tres autonomías do Arco Mediterráneo son as comunidades que sofren maiores crecementos do paro rexistrado.

**Paro rexistrado**  
Febreiro de 2009. Variación anual (%)

